

Graciela Chichilnisky

(Bos Aires, Arxentina, 1944-)



Matemática e economista arxentina-norteamericana, filla de xudíos rússos, especialista en cambio climático. Doutora en Matemáticas (1971) e en Economía (1976) pola Universidade de Berkeley.

Autora de sete libros e de máis de 150 artigos científicos sobre Economía, Finanzas e Matemáticas. Entre 1985 e 1990 presidiu FITEL, unha corporación financeira de telecomunicacións, con sedes en Nova York, Londres e Toquio. Foi profesora das universidades de Harvard, Essex, Stanford e Columbia.

Catedrática da Universidade de Columbia dende 1980, foi directora do Programa de Información e Recursos dende a súa fundación en 1994. Este programa recibiu, en 1995, apoio por parte da UNESCO.

Gañoulle dúas demandas á Universidade de Columbia, a primeira en 1993 e a segunda no 2008, pola discriminación nos salarios e nas posibilidades de promoción das mulleres na universidade.

Entre os recoñecementos académicos que recibiu destacan: *Premio Lief Johansen* da Universidade de Oslo (1995) e a *Cátedra Salimbeni* da Universidade de Siena (curso 1994-1995).

Entre as súas contribucións recentes: *Introducción dos conceptos de necesidades básicas*, adoptado por 150 países na Axenda 21 das Nacións Unidas como estratexia de desenvolvemento sostible; *catastrophe bundles*, para manexar riscos ambientais. En 1995 propón a creación dun *Banco Internacional de Transaccións Ambientais*, para regular o intercambio de permisos de emisión de carbono, que formou parte do Protocolo de Kyoto acordado entre 166 nacións en 1997. *Asesora de diversas organizacións internacionais*: *Comisión Económica para América Latina e o Caribe*, *Organización para a Cooperación Económica e o Desenvolvimento*, e a *Organización de Países Exportadores de Petróleo (OPEC)*, nas áreas de economía e política ambiental internacional. Directora do Departamento de Información, Recursos e Economía da UNESCO.

Membro do gabinete presidencial do Banco Central de Arxentina e consultora activa das Nacións Unidas sobre negocios internacionais e industria financeira global de derivados e reaseguros.

Membro da Xunta de Directores do National Resources Defense Council e das xuntas editoriais de revistas profesionais: *Advances in Applied Mathematics*, *Review of Economic Studies*, *Economic Letters*, *Journal of International Trade and Economic Development* e *Journal of Development Economics*.

En 2009 publica, con K. A. Sheeran, *Saving Kyoto*, sobre o comercio do carbón.